

REGULAMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS DAS TITULACIÓNS DE GRAO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

(Aprobado pola Xunta da Facultade de Ciencias da Comunicación o 23/02/2023)

A publicación do Real Decreto 592/2014 do 11 de xullo, establece o marco legal polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario e, no ámbito da Universidade da Coruña, estas se regulan polo Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, do 29 de setembro de 2015, do 29 de maio de 2018, do 04 de xuño de 2019 e do 03 de novembro de 2022.

O Estatuto do Estudiante Universitario, aprobado polo RD 1791/2010, do 30 de decembro, establece no seu artigo 8 o dereito do estudiantado de grao a “dispoñer da posibilidade de realizar prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á súa finalidade formativa”. O Estatuto reconece o dereito a “contar coa tutela efectiva” nas prácticas externas previstas nos plans de estudos, e no seu artigo 24 regula as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais e estende a posibilidade de realizalas ao conxunto do estudiantado matriculado en calquera estudo impartido polas universidades.

Na resolución do 9 de abril de 2010, da Universidade da Coruña, pola que se publica o plan de estudos do Grao en Comunicación Audiovisual, modificada pola resolución do 6 de outubro de 2022, pola que se publica a modificación do plan de estudos de graduado ou graduada en Comunicación Audiovisual, considérase a materia optativa Prácticas que se oferta no segundo cuatrimestre do cuarto curso e comprende un total de 6 créditos ECTS.

Na resolución do 25 de novembro do 2020, da Universidade da Coruña, pola que se publica o plan de estudos do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos, considérase a materia Prácticas externas que se oferta no segundo cuatrimestre do cuarto curso e comprende un total de 9 créditos ECTS.

Neste contexto, e coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar as prácticas académicas deste centro, resulta convinte establecer as seguintes normas de carácter xeral.

1. Definición e ámbito de aplicación

1.1. As prácticas externas son actividades formativas realizadas, de acordo ao disposto no presente regulamento, por estudantes universitarios en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións ou organismos, de carácter público ou privado (incluída a propia Universidade da Coruña), de ámbito nacional e internacional.

1.2. Dado o seu carácter formativo, as prácticas externas non poderán, en ningún caso, derivar obrigas propias dunha relación laboral nin substituír a función dun posto de traballo.

1.3. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, cualificación e tramitación das prácticas académicas externas do Grao en Comunicación Audiovisual e do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos.

1.4. O contido deste regulamento complementáase co resto de regulamentos e procedementos relacionados coas prácticas externas universitarias e coa normativa da UDC que se atopen en vigor e que se refiran, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos.

2. Obxectivo

O principal obxectivo das prácticas externas é o de permitir ao alumnado a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na súa formación académica. As prácticas externas darán a coñecer ao alumnado as metodoloxías de traballo no entorno profesional, facilitando a súa empregabilidade e futura inserción no mercado laboral. Ademais, favorecerán o desenvolvemento de competencias técnicas, persoais e participativas, fomentando os valores de innovación, creatividade e emprendemento.

3. Coordinador/a do programa de prácticas externas

3.1. O/a responsable do programa será o coordinador do programa de prácticas externas do centro, que será o/a encargado/a da súa organización e xestión. O/a coordinador/a do programa de prácticas será un membro do equipo directivo designado pola dirección do centro.

4. Modalidades

As prácticas académicas externas poderán adoptar dúas modalidades:

- a) Prácticas externas curriculares, que se configuran como materias dun plan de estudos con carácter obrigatorio ou optativo. Corresponden a esta modalidade as prácticas realizadas dentro da materia optativa Prácticas do 4º curso do Grao en Comunicación Audiovisual e as realizadas dentro da materia obligatoria Prácticas externas do 4º curso do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos.
- b) Prácticas externas extracurriculares, que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, aínda tendo o mesmo obxectivo que a as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos. Non obstante, serán recollidas no suplemento europeo ao título segundo a normativa vixente.

5. Persoas destinatarias e requisitos para a súa realización

5.1. Poderán optar á realización de prácticas externas ao abeiro do disposto neste Regulamento:

- a) O estudiantado propio da UDC matriculado nos estudos de Grao en Comunicación Audiovisual e os matriculados nos estudos de Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos que teñan superados o 50% dos créditos necesarios para a obtención do título, incluíndo todos os créditos de formación básica.

- b) O estudantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo no Grao en Comunicación Audiovisual ou no Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos da UDC, sempre que as normas que regulan os programas e convenios non dispoñan outra cousa.

5.2. Para realizar prácticas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Para as prácticas curriculares: estar matriculado/a na materia optativa Prácticas do 4º curso do Grao en Comunicación Audiovisual ou na materia obrigatoria Prácticas externas do 4º curso do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos.
- b) Para as prácticas extracurriculares:
- Estar matriculado/a na ensinanza á que se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que adquirirán na súa realización.
 - Ter superado o 50% dos créditos necesarios para a obtención do título de grao incluíndo, como mínimo, todos os créditos de formación básica.
 - Non superar as 750 horas entre a suma de prácticas curriculares e extracurriculares no mesmo ano académico. De existir vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda na que poderán participar tamén aqueles/as alumnos/as que teñan superadas esas horas.

6. Características dos programas de prácticas

6.1. A realización das prácticas académicas externas require a subscrición previa dun convenio de cooperación educativa que sirva de marco regulador da relación entre o alumnado, a entidade colaboradora e a Universidade da Coruña.

6.2. Anexarase ao convenio de cooperación educativa un proxecto formativo individual para cada estudante. Neste concretaranse os contidos e as características que conforman o plan de traballo que se levará a cabo na empresa ou institución. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias que debe adquirir o alumnado. (ANEXO I. MODELO)

7. Tutoría e requisitos para exercelas

7.1. Para realizar as prácticas externas, o alumnado contará cun/unha titor/a da entidade colaboradora (titor/a profesional) e un/unha titor/a académico/a da universidade.

7.2. A persoa designada pola entidade colaboradora deberá estar vinculada a esta, coa experiencia profesional e os coñecementos necesarios para realizar a titorización efectiva do alumnado, organizar as actividades de conformidade co proxecto formativo e coordinarse coa persoa responsable da titorización académica. O/a titor/a profesional non deberá coincidir coa persoa encargada da titorización académica da Universidade da Coruña.

7.3. O/a titor/a académico/a da universidade será un membro do persoal docente do propio centro afín á ensinanza á que se vincula a estadia de prácticas. No caso de que non se encontre entre o persoal docente do centro ninguén adecuado para a titorización, esta recaerá no membro do equipo directivo encargado da coordinación das prácticas.

7.4. En cada curso académico abrírase unha nova convocatoria de profesorado voluntario do centro para a titorización académica das prácticas externas, coa que se formará unha lista de

profesores/as tutores/as. O/a titor/a académico/a de cada estadía de prácticas será designado/a pola persoa Coordinadora do programa de prácticas do centro de entre as persoas que formen a lista de profesores/as tutores/as, atendendo ao perfil de cada estadía de prácticas.

8. Convenios motivados

8.1. Á marxe das convocatorias difundidas polo centro, o alumnado que cumpra os requisitos para a realización de prácticas académicas externas poderá solicitar o seu desenvolvemento en entidades coas que a Universidade non ten establecido convenios. Neste caso, unha vez valorada a idoneidade da empresa/entidade pola persoa Coordinadora do programa de prácticas do centro, procederase á xestión do Convenio de Cooperación Educativa, así como da restante documentación para que o/a estudante poda desenvolver unha estadía de prácticas en dita entidade. A persoa coordinadora do programa de prácticas do centro poderá elevar a valoración da idoneidade da empresa á Comisión docente e de avaliación académica sempre que a actividade básica da empresa/entidade non se atope directamente relacionada coas competencias da ensinanza á que se vincula a estadía de prácticas.

9. Duración e horarios de realización

9.1. A duración das prácticas será a seguinte:

- a) A realización das prácticas externas curriculares farase de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.
- b) As prácticas externas curriculares recollidas no plan de estudos do Grao en Comunicación Audiovisual terán unha duración de 150 horas correspondentes a 6 créditos ECTS.
- c) A prácticas externas curriculares recollidas no plan de estudos do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos terán unha duración de 225 horas correspondentes a 9 créditos ECTS.

9.2. A distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da entidade colaboradora. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado na universidade. Excepcionalmente, nos casos en que o/a estudante teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a titulación oficial poderase realizar unha xornada ampla sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias, e sempre coa autorización do/a titor/a académico/a.

10. Oferta, difusión e adxudicación

10.1. O centro comprométese a convocar, difundir e tramitar as ofertas de prácticas que reciba das entidades colaboradoras no marco dos convenios subscritos.

10.2. O centro configurará a oferta e establecerá un proceso de selección para as prácticas externas, garantindo os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

10.3. O/a coordinador/a do programa de prácticas externas do centro fará pública a oferta de prácticas externas en cada curso académico, sempre con antelación abondo ao proceso de adxudicación. A oferta deberá conter, na medida do posible, os seguintes datos:

- a) Nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizará a práctica
- b) Centro, localidade e enderezo onde terá lugar
- c) Datas de comezo e fin da práctica, así como a súa duración en horas
- d) Número de horas diarias e horario asignado
- e) Actividades e competencias se desenvolverán

10.4. Unha vez publicada a oferta de prácticas externas, o alumnado solicitará ser admitido nestas, nos prazos e na forma que a convocatoria establecera.

10.5. No caso das prácticas en servizos ou unidades da Universidade da Coruña e/ou determinadas entidades colaboradoras habituais do programa de prácticas, a oferta das diferentes prazas poderá ser colectiva cun prazo común para as candidaturas. A organización temporal e de tarefas destas estadías acordarase coa entidade durante o proceso de selección.

10.6. Cada oferta de prácticas incluírá unha data límite e unhas condicións de presentación de candidaturas. Rematado o prazo, iniciarase o proceso de selección segundo estipule cada oferta de prácticas:

- a) Selección pola facultade.
 - Os/as candidatos/as deberán presentar unha copia simple do expediente académico e o seu curriculum vitae, así como o certificado ou xustificación de todos aqueles méritos que se requiran na convocatoria.
 - A Comisión docente e de avaliación académica avaliará as candidaturas tendo en conta as bases da convocatoria e atendendo a criterios de excelencia académica.
- b) Selección pola entidade.
 - Os/as candidatos/as deberán presentar unha copia simple do expediente académico e o seu curriculum vitae.
 - A convocatoria pode requirir os documentos acreditativos dos méritos alegados e outra documentación como portafolio de traballo ou demoreel.
 - Realizarase unha preselección por parte do centro a fin de comprobar o cumprimento dos requirimentos mínimos para a realización das prácticas.
 - Neste caso, será a empresa ou entidade a que estipule o sistema de selección (curriculum vitae, entrevista persoal cos candidatos, proba de selección, etc.), reservándose o dereito de convocar soamente a aqueles/as candidatos/as que se axusten ao perfil requirido.

10.7. Con independencia do sistema de selección, darase preferencia ao alumnado que non teña efectuado outras prácticas xestionadas pola Universidade, menos naqueles casos nos que dita estadía non tivera a duración precisa para o recoñecemento da materia.

10.8. No caso de darse ofertas de prácticas co duplo carácter curricular e extracurricular, terá preferencia para a súa adxudicación o alumnado que realice prácticas curriculares.

10.9. Salvo circunstancias debidamente xustificadas, o alumnado que se presente a unha oferta de prácticas asume o compromiso de dar resposta ás chamadas e/ou e-mails da Coordinación do programa de prácticas do centro e/ou da entidade sobre dita candidatura. A ausencia de

resposta, ademais da exclusión dos procesos de selección en marcha, podería supoñer outro tipo de penalización se así o decidira a Comisión docente e de avaliación académica.

10.10. Unha vez rematado o proceso de selección, comunicárase á persoa candidata a súa condición de beneficiaria de dita praza de prácticas. Salvo circunstancias debidamente xustificadas, a persoa beneficiaria asume o compromiso de aceptar a estadía de prácticas para a que foi seleccionada. A ausencia de resposta, suporá a exclusión deste e outros procesos de selección que se desenvolvan durante o curso. No caso da adxudicación de dúas prazas de prácticas, a persoa candidata deberá confirmar no prazo máximo de 48 horas cal é a súa selección.

10.11. As prazas que queden desertas voltarán a ser ofertadas entre o alumnado e adxudicadas en función das súas necesidades e preferencias.

10.12. Tras a adxudicación da praza procederase á xestión da documentación precisa para a estadía de prácticas. En ningún caso se poderá comezar o período de prácticas sen ter xestionado o convenio. No caso do proxecto formativo, a súa sinatura desenvolverase, como moi tarde, no primeiro día de prácticas.

10.13. As persoas matriculadas na materia optativa de Prácticas do Grao en Comunicación Audiovisual que non cheguen a ser beneficiarias dunha estadía de prácticas, ou as que non teñan interese polos perfís ofertados, poderán efectuar un cambio de matrícula para outra materia optativa durante a primeira semana do segundo cuatrimestre. Dito cambio xestionarase directamente coa Administración do centro.

11. Abandono das prácticas

11.1. No caso de que un/unha estudante decida finalizar a súa estadía de prácticas antes do prazo establecido no proxecto formativo sen causa xustificada, quedará automaticamente excluído/a de calquera outro proceso de selección que se desenvolva durante o curso.

11.2. Sempre que exista unha incidencia ou conflito coa entidade ou persoa que asume a titorización profesional, ou se a estadía non se axusta ás condicións acordadas, deberase informar desta circunstancia á Coordinación do programa de prácticas a través do/a titor/a académico/a. Ademais de intentar arranxar dita situación coa entidade, esta información permitirá corrixir posibles desviacións no programa de prácticas, motivará un posible fin da estadía e, de ser o caso, o cese do Convenio de Cooperación Educativa coa entidade en cuestión.

11.3. No caso de recibir unha valoración negativa por parte do/a titor/a profesional, e de existir unha notificación de incidencia previa ao informe de avaliación, este poderá ser desestimado pola Comisión docente e de avaliación académica.

11.4. Se o cese da estadía é solicitado por parte da entidade, solicitarase ao/á titor/a profesional un informe motivado desta decisión e quedará en mans da Comisión docente e de avaliación académica a decisión sobre a situación da persoa en prácticas.

12. Recoñecemento

12.1. O alumnado que efectuase unha ou varias estadías de prácticas extracurriculares recollidas nun Convenio de Cooperación Educativa poderá solicitar o recoñecemento de dito período

como prácticas curriculares. Neste sentido, o alumnado poderá solicitar o recoñecemento de diferentes períodos de prácticas extracurriculares como prácticas curriculares.

12.2. Corresponderá á Comisión docente e de avaliación académica determinar se ten lugar o recoñecemento das prácticas extracurriculares como curriculares.

12.3. Para solicitar o recoñecemento como prácticas curriculares, deben cumprirse os seguintes requirimentos:

- a) No caso do alumnado do Grao en Comunicación Audiovisual:
 - Que o/a estudante estea matriculado/a na materia optativa Prácticas do 4º curso.
 - Que a estadía de prácticas tivera unha duración igual ou superior a 150 horas.
- b) No caso do alumnado do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos:
 - Que o/a estudante estea matriculado/a na materia obrigatoria Práctica.
 - Que a estadía de prácticas tivera unha duración igual ou superior a 225 horas.
- a) Para ambos Graos:
 - Que o/a estudante recibira unha valoración positiva das prácticas por parte do/a titor/a da entidade.
 - Que o/a estudante entregue en tempo e forma a correspondente memoria portafolio, cuxa orientación e valoración correrá a cargo do/a titor/a académico/a.

12.4. No caso de que a estadía de prácticas non se desenvolvese no marco de ningún Convenio de Cooperación Educativa xestionado pola Facultade, senón a través doutros servizos e programas da Universidade da Coruña, poderíase solicitar o seu recoñecemento sempre que as tarefas vencelladas ás mesmas estivesen relacionadas coas competencias do título no que o/a estudante está matriculado/a.

12.5. Considerarase obxecto de recoñecemento a participación en programas de fomento do emprendemento nos que se desenvolvan actividades de posta en marcha dunha empresa ou idea de negocio relacionados coas competencias do Grao que se está a cursar. Para o recoñecemento destes programas como prácticas curriculares, estes deben terse rematado con éxito e ter, como mínimo, unha duración en horas igual á da materia de Prácticas (no caso do Grao en Comunicación Audiovisual) ou Prácticas Externas (no caso do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos). Os programas que se considerarán para este tipo de recoñecemento son: Programa Explorer, Startup Programme e outros similares. Corresponderá, en todo caso, á Comisión docente e de avaliación académica determinar se ten lugar o recoñecemento

13. Avaliación

13.1. As prácticas curriculares serán avaliadas polo/a titor/a académico/a da universidade, que deberá redactar o correspondente informe de valoración atendendo a dous aspectos:

- a) Estadía de prácticas, que será avaliada a través dun informe realizado polo titor profesional da entidade. (ANEXO II. INFORME TITOR)
- b) Memoria potafolio, que realizará o/a estudante cunha reflexión crítica sobre a súa experiencia e aprendizaxe durante a estadía de prácticas. As indicacións para a elaboración e entrega desta memoria estarán publicadas no Campus Virtual e na Guía Docente da materia.

13.2. Para superar a materia cómpre ter aprobado ambas partes, podendo unicamente recuperar a parte da memoria portafolio na convocatoria extraordinaria.

13.3. O peso de cada unha das partes na avaliación estará establecido na Guía Docente da materia para cada curso académico.

13.4. A sinatura da acta de cualificación oficial corresponderalle ao/á profesor/a coordinador/a da materia de prácticas.

13.5. Para a avaliación das prácticas cómpre que a estadía teña rematado previamente á data do exame final da materia, que será a data límite para a entrega da memoria. No caso da convocatoria extraordinaria de setembro, a presentación nesta convocatoria non suporá un óbice para a defensa do Traballo Fin de Grao na mesma convocatoria.



ANEXO I

**AO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON
PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS**

O/a alumno/a que firma abaixo ACEPTA para participar no programa de prácticas externas da Facultade ou Escola
da Universidade da Coruña ao abeiro do convenio de cooperación con
CIF e declara coñecer e aceptar as normas
establecidas no devandito convenio.

DATOS DO ALUMNO OU ALUMNA

NOME E APELIDOS:

DNI: DIRECCIÓN

LOCALIDADE: CP.: PROVINCIA: PAÍS

TELÉFONO (s): CORREO-e

TITULACIÓN:

DATOS DA ENTIDADE

PERSOA DE CONTACTO:

DNI: DIRECCIÓN

TELÉFONO (s) : CORREO-e:

DATOS DA PRÁCTICA

DIRECCIÓN LUGAR DE PRÁCTICAS

DATA INICIO: DATA FIN: Nº HORAS TOTAL: Créditos ECTS:

XORNADA BOLSA *: Contía €/ mes Forma de pago: Cuenta bancaria

HORARIO (indicar, se cómpre,
días semana)**

PERSOAS TITORAS

TITOR/A ENTIDADE:

TITOR/A UDC:

* Bolsa ou axuda de estudos (de ser o caso) que a entidade ou empresa lle concederá ao/á alumno/a e forma no que será satisfeita (no caso de ser remunerada, deberá cumprir c oas obrigas que dita a normativa tributaria e cotización á Seguridade Social)

** Concretar o horario de inicio e fin en formato HH:MM tanto se se trata dun horario en xornada continua como en xornada partida. No caso de que o horario varíe segundo os días da semana é necesario indicar a dita variación.



PROXECTO FORMATIVO

Descrición das tarefas ou actividades formativas relacionadas cos seus estudos que realizará o/a alumno/a

Coñecementos específicos que deberá posuír o/a alumno/a antes de realizar as prácticas

Formación e competencias que adquirirá o/a alumno/a ao final das prácticas

Forma prevista para o seguimento, avaliación e orientación do alumno ou alumna durante as prácticas

O/a alumno/a que firma abaixo declara a súa conformidade para realizar prácticas, ao amparo do convenio nomeado, que se atén á lexislación vixente. Así mesmo, comprométese a manter a máis estrita obriga de confidencialidade sobre toda a información á que poida ter acceso, como consecuencia da realización das prácticas obxecto do presente convenio. Igualmente, deberá dar o seu consentimento asinando o documento de **información sobre protección de datos persoais para o alumnado de prácticas externas da UDC** que forma parte do trámite na xestión destas prácticas.

En proba de conformidade asinan este documento por triplicado,

A Coruña , de de

O/a titor/a da entidade/empresa	O/a alumno/a	O/a titor/a UDC
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:
Cargo		Cargo

NOTA. Este anexo cubrirase por triplicado: 1 exemplar para o centro, 1 exemplar para a entidade ou empresa e 1 exemplar para o/a alumno/a.

SR./SRA. DECANO/A, DIRECTOR/A DA
DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INFORME DO/A TITOR/A PROFESIONAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario. Remítalo por correo, fax ou mail á dirección de contacto. Esta información será utilizada para a avaliación definitiva do/a estudante.

O/A titor/a _____

con D.N.I.: _____

Nomeado pola empresa/institución: _____

Informa sobre as tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo/a alumno/a:

Apelidos e Nome: _____

DNI: _____

Centro: _____

Titulación: _____

Período de realización das prácticas (datas): _____

Horas de prácticas realizadas: _____

Que as tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante o período de prácticas adecuáronse ao establecido en proxecto formativo e merece a seguinte valoración:

EXCELENTE Moi Bo/Boa Bo/Boa REGULAR DEFICIENTE

Nivel de coñecementos previos

Grao de cumprimento do seu horario e tarefas

Nivel de iniciativa

Nivel de esforzo

Calidade dos traballos realizados

Capacidade para resolver problemas

Nivel de competencias demostrado

Nivel de integración na empresa / institución

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

De ser o caso, achego unha folla complementaria

A Coruña, ____ de _____ de ____

Asdo.: _____

SR./SRA. DECANO/A DIRECTOR/A DA _____